560
Joseíño meu José
meu rosario de cadena
cando vex'o meu José
vex'a miña casa cheia.

559
Juanito Juan de las Ramas
cómo te llaman Juanito
Juanito por qué te llamas
ai la.

523c
Teño unha moza no Pindo
outra no Ribeiro d'Avia
s'a do Pindo é bonita
ia da Ribeira lle gana.

167
Dónde vés Carmiña
veño de cocer
non seas mintireira
que veño de aprender.

256bis
Anque veñamos de noite
non venimos de robar
somosche traballadores
venimos de traballare.

2221
Si chove deixa chovere
eu ben sein os abrigados
onde m'hei d'ir acollere
ai la la.

228a
A Picotiña, a Picota
s'o aire do mar non fora
Picota qué era dela
ai la.

Dominc`á pola mañán
antes de media i hora
a moza ... pan-he
ai la

Esta nuite é Noiteboa
por ser noite de alegría
caminando vai José
e maila Virgen María
Ai la la

*Audio de procedencia: MPG_SchSa_0039_008_en_Mazaricos_V_1_415*